

## **Programa “Bolsas SANTANDER CRUE CEPYME Prácticas en Empresas”**

**92 Bolsas**

**Prazo de solicitude: ata o 23 de abril de 2017**

A Universidade da Coruña, no marco do Programa “Bolsas Santander CRUE CEPYME Prácticas en Empresa” convoca as 92 bolsas que ten concedidas nos seguintes termos:

### **I.- Obxectivos**

Os obxectivos que se perseguen son:

- Completar a formación universitaria do estudiantado e acercalo á realidade do ámbito profesional onde exercerán a súa actividade.
- Promover a realización de prácticas entre o estudiantado da UDC.
- Adquirir e mellorar as competencias profesionais, así como outras competencias transversais (versatilidade, capacidade de adaptación e de comunicación, autonomía persoal, toma de decisións, traballo en equipo...)
- Aumentar e reforzar a colaboración de PEMES coa UDC para a realización de prácticas formativas.
- Facilitar ás PEMES a acollida de estudiantado en prácticas.

### **II.- Destinatarios/as**

Poderán realizar este programa de prácticas o estudiantado universitario que cumpra os seguintes requisitos:

- Estar matriculado/a, no momento da solicitude e no momento da data de comezo da práctica, en calquera das titulacións da UDC ou nos Centros adscritos nun grao ou mestrado (oficial ou propio), ou estar cursando estudos na UDC ao abeiro dun programa de mobilidade ou de convenios bilaterais.
- Ter superado o 50% dos créditos necesarios para obter o título de grao, incluíndo, como mínimo, todos os créditos de formación básica; no caso do estudiantado de mestrado a porcentaxe anterior será do 30%.
- Non manter relación contractual de tipo laboral, de prestación de servizos ou asimilable algunha con empresa, institución ou entidade, ou coa propia universidade ou centro adscrito da mesma.

- Non ter participado con anterioridade como estudante perceptor/a da bolsa SANTANDER CRUE CEPYME.
- Non estar disfrutando doutra axuda ou bolsa formativa de características análogas a este programa.

### III.- Requisitos das empresas e entidades de acollida

- Autónomos, microempresas e pequenas e medianas empresas (PEME´s) ubicadas en territorio nacional, con menos de 250 traballadores e cuxo volume de negocios anual non exceda de 50 millóns de euros ou cuxo balance xeral anual non supere os 43 millóns de euros.
- Asegurar os mecanismos e procedementos necesarios para a realización da práctica: asignación dun/ha titor/a que forme parte da empresa á persoa bolseira e o deseño dun plan de formación e desenvolvemento de competencias profesionais.

### IV.- Procedemento de obrigado cumprimento para o estudantado

Será requisito inescusable cumprir có seguinte procedemento de inscrición:

- Inscribirse na páxina do Banco Santander [www.becas-santander.com](http://www.becas-santander.com).

### V.- Procedemento para as empresas

- Inscribirse na web [www.becas-santander.com](http://www.becas-santander.com) aportando a documentación e datos requiridos, incluído o documento de autorización de cargo en conta da aportación que a PEME ten que facer ao amparo do programa.

### VI.- Características das prácticas

- **Duración:** a duración será de tres meses consecutivos a media xornada. En ningún caso, poderá levarse a cabo a realización das prácticas de maneira fraccionada. A duración das prácticas poderá ser maior, a instancia da empresa, sendo esta responsable da axuda económica correspondente ao período que exceda de tres meses da media xornada; todo isto, nos termos que pacten os estudantes coa empresa unha vez finalice o período de prácticas inicial.
- **Período de execución:** as prácticas poderanse realizar dentro do período comprendido entre o 2 de maio de 2017 e o 30 de setembro de 2017. Excepcionalmente, e sempre que sexa xustifico pola Universidade, poderase estender ata o 31 de decembro de 2017.

- **Horario:** Media xornada equivalente a 4 horas diarias en quendas de mañá ou tarde.
- **Pago da práctica:** O pagamento da bolsa farase efectivo na conta aberta no Banco Santander a nome da persoa que realiza a práctica.

## VII.- Contía da axuda económica

A bolsa será de 300€ brutos ao mes durante 3 meses. A este importe aplicaráselle a retención correspondente da cota patronal, IRPF e Seguridade Social.

A percepción da bolsa ou axuda económica obxecto do programa será compatible con calquer outra axuda que o estudante poida obter da empresa de destino ou de calquera terceiro.

No caso de finalización do período de prácticas antes do período fixado para a mesma, á instancia do/a beneficiario/a da bolsa, este/a unicamente poderá recibir o importe da bolsa correspondente ás mensualidades completas durante as que realizase a práctica.

No caso de que non chegase a completarse o período de duración total da bolsa, ben porque a empresa non quixese continuar co/a estudante, ben porque o/a estudante non quixese continuar realizando a práctica, salvo que concorra unha causa xustificada e sexa comunicado coa suficiente antelación á Universidade, esta reservarase a posibilidade de reclamar a calquera deles a parte proporcional dos gastos fiscais ou de seguridade social de carácter legal que soportase durante o período de realización da práctica.

## VIII.- Procedemento de selección e xestión

- **Selección da empresa**
  - Empresas vinculadas por relación comercial co Banco Santander e/ou contendo unha conta 1 2 3 Pyme aberta no Banco.
  - Empresas que asuman un compromiso de ampliar os tres meses de duración inicial das prácticas ou de contratación laboral unha vez finalizadas as mesmas.
  - Ofertas para a realización de prácticas e proxecto formativo especialmente adecuados a estudantes con discapacidade.
  - Empresas que manteñan colaboración coa Universidade da Coruña ou Centros adscritos á mesma.

- Ofertas recibidas de *Spin-offs* universitarios.
- Empresas vinculadas ás cátedras de Empresa Familiar.
- Empresas que desenvolvan actividades de tipo cultural, educativo ou artístico.

- **Orde de prelación do alumnado**

Para establecer a orde de prelación do alumnado valorarase os seguintes criterios:

- Expediente académico.
- Valorarase adicionalmente aquelas solicitudes procedentes de estudantado con discapacidade funcional recoñecida, logo da achega de certificación oficial.

- **Xestión**

- O SAPE será o servizo encargado de levar a cabo a preselección das persoas beneficiarias, así como a xestión das bolsas.
- O SAPE publicará unha listaxe provisoria de persoas admitidas na web da UDC [www.udc.gal](http://www.udc.gal) e o alumnado disporá de 5 días hábiles para presentar alegacións.
- Transcorrido o período de alegacións publicarase na web da UDC a listaxe definitiva de persoas admitidas.
- A UDC presentará unha listaxe priorizada que será sometida á valoración por parte da empresa en entrevista persoal e aqueles outros criterios que considere de aplicación no marco das súas políticas de realización de prácticas formativas. A adxudicación da axuda estará sometida á aceptación da candidatura por parte da empresa.
- Unha vez seleccionada a persoa bolseira a empresa deberá enviar un correo electrónico ao enderezo [emprego.vepeu@udc.es](mailto:emprego.vepeu@udc.es) cos datos da persoa seleccionada. A adxudicación da praza farase por rigoroso orde de chegada do correo electrónico.
- Posteriormente, a UDC notificará á persoa seleccionada a súa aceptación por parte da empresa. A adxudicación da praza producirá os seus efectos dende o día da publicación da resolución reitoral de adxudicación.

Contra a resolución de adxudicación que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o reitor no prazo dun mes, segundo establece a Lei 30/1992 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999 do 13 de xaneiro, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo da Coruña, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte da notificación da presente resolución, ou calquera recurso que se estime procedente.

### **IX.- Obrigas da persoa bolseira.**

- Cada persoa será responsable da veracidade dos datos achegados, o seu incumprimento dará lugar á cancelación da bolsa e ao reintegro das cantidades percibidas.
- A persoa deberá enviar ao/á titor/a académico/a a memoria final da práctica, para o que disporá dun mes de prazo trala finalización da bolsa.

### **X.- Prazo de solicitude**

- Estudantes: do 29 de marzo ao 23 de abril de 2017.
- Empresas: do 29 de marzo ao 23 de abril de 2017.

### **XI.- Interpretación**

Calquera dúbida na interpretación desta convocatoria remitirase aos termos e condicións xerais do programa “Bolsas Santander CRUE-CEPYME Prácticas en Empresa” convocatoria 2016-2017 e ao Regulamento de Prácticas Académicas Externas do Estudiantado da Universidade da Coruña, sen prexuízo do previsto no parágrafo seguinte.

As actuacións administrativas dos diferentes órganos da UDC participantes neste procedemento serán recorribles, en canto se desenvolven no exercicio das súas competencias de dereito público, na forma prevista nos artigos 112 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o que se indicará nos acordos ou resolucións correspondentes e, no seu caso, de acordo coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

## XII.- Información

EmpregoUDC Ferrol

Edificio de Apoio ao Estudo

Campus de Esteiro

Extensión: 3617, 3618, 3616

Correo: [emprego.vepeu@udc.es](mailto:emprego.vepeu@udc.es)

EmpregoUDC Coruña

Pavillón de Estudantes 1º andar

Campus de Elviña

Extensións: 2916, 2901, 2903

A Coruña, 6 de abril de 2017

O reitor

D. Julio E. Abalde Alonso